

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20417 *ORDE PRE/3074/2003, do 5 de novembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal. («BOE» 266, do 6-11-2003.)*

A Directiva 2003/57/CE, do 17 de xuño, pola que se modifica a Directiva 2002/32/CE, sobre substancias indesexables na alimentación animal, ten como obxectivo reduci-los contidos máximos de dioxinas, pola súa natureza perniciosa, nos alimentos dos animais, o que suporá unha menor incidencia dos ditos produtos na cadea alimentaria e, en última instancia, na saúde humana.

A Directiva 2002/32/CE, citada, foi incorporada ó noso ordenamento xurídico polo Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre substancias indesexables na alimentación animal; o seu anexo, en consecuencia, debe ser modificado para a súa adaptación á nova disposición comunitaria.

A disposición derradeira segunda do Real decreto 465/2003, faculta os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para que, no ámbito das súas respectivas competencias, adopten as disposicións necesarias para a actualización dos seus anexos, como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Esta orde incorpora ó ordenamento xurídico a Directiva 2003/57/CE, pola que se modifica a Directiva 2002/32/CE, sobre substancias indesexables na alimentación animal.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposi-

ción. Así mesmo, na súa tramitación foron consultados os sectores afectados e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo do Real decreto 465/2003.*

O anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre substancias indesexables na alimentación animal, quedará modificado da seguinte forma:

1. O punto 27 do anexo substitúese polo anexo desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o que se refire ás disposicións relativas ás alíneas c) e j) da lista de produtos que figuran no cadro anexo a esta orde, que serán aplicables a partir do 1 de marzo de 2004.

Madrid, 5 de novembro de 2003.

ARENAS BOCANEGRA

Excmo. Sr. Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e Excmo. Sra. Ministra de Sanidade e Consumo.

ANEXO

Substancias indesexables	Productos destinados á alimentación animal	Contido máximo en alimentos para animais referido a un contido de humidade do 12%
(1)	(2)	(3)
27. Dioxina (suma de policlorodibenzo-para-dioxinas [PCDD] e policlorodibenzofuranos [PCDF] expresada en equivalentes tóxicos da Organización Mundial da Saúde (EQT-OMS), utilizando os factores de equivalencia tóxica da mesma organización (FET-OMS, 1997)	a) Tódalas materias primas para a alimentación animal de orixe vexetal, incluídos os aceites vexetais e os subproductos.	0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6)
	b) Minerais no sentido do anexo II do Rd 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos.	1,0 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6)
	c) Arxilas caoliníticas, sulfato de calcio dihidratado, vermiculita, natrolita-fonolita, aluminatos de calcio sintéticos e clinoptilolita de orixe sedimentaria pertencentes ó grupo dos "aglutinantes, antiaglomerantes e coagulantes" autorizados de conformidade coa Directiva 70/524/CEE.	0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6)
	d) Graxa animal, incluída a graxa de leite e a graxa de ovo	2,0 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6)
	e) Outros produtos de animais terrestres, incluídos o leite e os produtos lácteos e os ovos e os ovoproductos	0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6)
	f) Aceite de peixe	6 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6)
	g) Peixe, outros animais mariños, os seus produtos e subproductos, agás o aceite de peixe e os hidrosilatos de proteínas de peixe que conteñan máis dun 20% de graxa (7)	1,25 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6)
	h) Pensos compostos, agás os pensos para animais de peletería, de compañía e para peixes	0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6)
	i) Pensos para peixes Alimentos para animais de compañía	2,25 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6)
	j) Hidrolisatos de proteínas de peixe que conteñan máis dun 20% de graxa	2,25 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6)

" (5) Concentracións do límite superior; as concentracións do límite superior calcúlanse dando por sentado que tódolos valores das diferentes substancias afíns que estean por debaixo do límite de detección son iguais a este límite.

(6) Estes contidos máximos revisaranse por primeira vez antes do 31 de decembro de 2004 á luz dos datos de que se poida dispor nun futuro sobre a presenza de dioxinas e de PCB similares ás dioxinas, en particular para lles aplicar tamén a estes últimos os contidos máximos que se fixen e, posteriormente, antes do 31 de decembro de 2006, co fin de reducir significativamente os ditos contidos máximos.

(7) Eximirase deste límite máximo o peixe fresco subministrado directamente e utilizado sen procesamento intermedio para a produción de pensos para animais de peletería, e aplicaráselle un nivel máximo de 4.0 ng EQT PCDD/F OMS/kg ó peixe fresco empregado para a alimentación directa dos animais de compañía, de zoolóxicos ou de circos. Os produtos e as proteínas transformadas que se elaborasen a partir destes animais (de peletería, compañía, zoolóxicos ou circos) non poderán entrar na cadea alimentaria, e prohíbese a súa utilización na alimentación de animais de granxa mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos".